



Parlamento das Letras: Leticia Costas

Publicado o [06/02/2013](#)

A escrita de Leticia Costas bebe a espuma dos días, sabe da cicatriz atlántica, de Vigo ata Cabral, e coñece ben a revolución dos ciclos, os simios aparentes, o ludismo das palabras que se ocultan e os corazóns que latexan siderais.

Ambidestra narropoeta, hai nos seus textos unha ollada de cámara Dogma onde todo flúe naturalmente. E iso vale tanto para as belidas fantasías infantoxuvenís coma para a melancolía azul dos versos, nevados ambos de folerpas de imaxinación lizgaira e luminosa realidade.

Vivindo a vida como quen se descobre nunha caixa de zapatos, as palabras habítana dende a raíz do lar e ela vai deixándose arrolar nos longos e fríos decembros, eses que teñen bancos convertidos en catedrais e onde unha néboa mesta e imposible devén Deus.

Abride a porta e pasade ao seu xardín invernall. Porque hai palabras que moito abrigan.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

No ano 2000 Manuel Bragado abríume as portas de Edicións Xerais. Sempre lle estarei agradecida por aventurarse a publicar *Unha estrela no vento*, unha novela que escribín nos meus tempos de instituto e que non foi concibida en absoluto como unha obra con vocación de librería. Daquela eu era unha rapaza moi introvertida que escribía por sistema, coma un simple exercicio diario que me axudaba a satisfacer unha pulsión. Mágoa de todos aqueles textos preadolescentes que se perderon nunha mudanza!

No mesmo ano, Fran Alonso bríndame un oco no volume *Narradoras*, un libro da colección *Abismos* que recollía relatos de 25 mulleres.

Estas dúas publicacións fixeron que empezase a pensar na miña propia literatura como vehículo de comunicación.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A obra que máis satisfaccións me ten dado é *Unha estrela no vento*. Polas súas 11 edicións e porque sobrevive ao paso dos anos. Pero teño a sensación de que para a crítica pasou absolutamente inadvertida. É coma se o libro non existise alén dos centros de ensino. Só lembro ler unha crítica en todos estes anos. Unha crítica que, por certo, non deixaba a novela en moi bo lugar. En cambio, cando vou aos centros de secundaria percibo que o seu lectorado acolleuna

con certo entusiasmo. Esa contradición entre a invisibilidade da obra nos medios e o apoio do profesorado provocoume unha especie de cortocircuíto.

Pola contra, *Xardín de inverno* está a darme moitas alegrías. A crítica tratou (e segue tratando) este poemario de forma moi xenerosa. Oxalá *O corazón de Xúpiter* teña a mesma sorte. Polo de agora, a acollida foi boa. Cando pos todo de ti para que unha obra saia adiante, calquera recoñecemento é un pequeno éxito.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Cando estou traballando nunha obra (de narrativa, porque coa poesía funciono de xeito totalmente diferente), dedícolle horas e horas. Agora mesmo ando mergullada nunha novela e durante a maior parte do día todo xira en torno ao texto. Podo chegar a ser obsesiva con ese tema. Non existen sábados, nin domingos, nin festivos. O proceso de creación é tan intenso (podo estar seis horas diante do ordenador e non aproveitar máis que un par de follas) que cando remato a obra necesito respirar durante semanas, incluso meses.

E nese transo de creación necesito estrita orde no cuarto onde escribo. Talvez para compensar a miña desorde interior.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Non sei se son carne de antoloxía e tampouco lle dou demasiada importancia a ese asunto. Pero se me poño a soñar en voz alta, gustaríame figurar algún día a carón deses autores e autoras aos que admiro e dos que me sinto a varios anos luz. Fina Casalderrey e Agustín Fernández Paz, pola súa calidade literaria, pola súa humildade —isto valóroo de xeito moi especial—, porque son referentes de paixón e aposta pola LIX.

Pero tamén a carón daqueles que me brindan constantemente o seu apoio, que me chaman para darme azos, que cren na literatura como un xeito de entender o mundo, que me arroupan constantemente co seu agarimo recordándome que existen palabras como talento e amizade.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Sinceramente, teño a sensación de que carezo de traxectoria a nivel formal. E, se a teño, acaba de empezar e non podo valorala a nivel de publicacións. En todo caso, o que existe na miña vida como autora é unha especie de salto espazo-tempo (se digo burato negro pode soar excesivo). Estiven moitos anos sen ver un texto meu editado. Desde o ano 2000 ata o 2011 fixen de todo: estudar dereito, traballar vendendo entradas nun cine, fixen centos de facturas nunha oficina, dixitalicei o Arquivo Pacheco, entre placas de cristais e negativos cheos de po, fun a moza dos recados nunha produtora de cine, escribín algunha obra de narrativa que agradezo que non vise nunca a luz etc. Tamén me dediquei a ler de xeito compulsivo e aprendín a facerme máis crítica a nivel literario. Nese período empecei a escribir poesía e a presentarme a certames que valeron tomarlle a temperatura ao sistema literario, pero non para reafirmarme como autora. En todo ese tempo non me sentía escritora, sentía que quería ser escritora. Son dúas cousas distintas.

No 2012 é como se houbese un punto de inflexión. Ata entón, a miña relación co mundo cultural fora moi dispersa. Moito tivo que ver a miña incorporación á directiva de Gálix e a viaxe que fixen a Boloña, á Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, da man de Francisco Castro. Porque tomei conciencia de que tiña ao meu carón persoas coma el, que cren en min como escritora, coas que podo soñar en clave literaria, que me dan azos constantemente (sobre todo cando máis

os preciso) e que me arroupan máis alá da literatura como negocio. Encántame estar abrigada nese sentido, non pasar frío.

De 2011 a 2012 publiquei varios títulos coma *O corazón de Xúpiter*, unha novela que escribín con moita intensidade e moita ilusión, co hándicap das 11 edicións de *Unha estrela no vento*. A publicación de *O corazón de Xúpiter*, de novo co apoio de Manuel Bragado e Edicións Xerais, fíxome entender que existe a posibilidade de crear unha carreira literaria, pero queda moito camiño aínda por diante e moito traballo por facer.

Nestes dous últimos anos tamén vin publicados libros como *Xardín de inverno*, (un poemario que levaba anos escrito e que me está dando moitas alegrías). Tamén viron a luz obras coma *Desaparición*, *Mortos de ningures* e *Letras de xeo*, títulos editados por Everest Galicia, que comparto con Pere Tobaruela e con Irene Penas (unha editora moi querida) a partes iguais, pola ilusión e pola confianza.

É coma se eses anos de hibernación anteriores fosen necesarios para que se activase algún tipo de mecanismo que tiña agardando no meu interior.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Non teño ningún autor de cabeceira ao que lle lese toda a súa obra completa. Pouco teño de mitómana. Pero si houbo libros que marcaron o meu xeito de ver a literatura e tamén a vida, en certa medida. Unha historia que te remove por dentro e que marca un antes e un despois é o que eu considero verdadeira literatura. Iso pasoume con obras como *O ensaio sobre a cegueira*, de José Saramago. *O señor das moscas*, de William Golding. *Momo* ou *A historia interminable*, de Michael Ende.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Creo, con toda sinceridade e sen ánimo de ofender a ninguén, que sobra egocentrismo e falta humildade. Somos excesivamente vaidosos e ás veces non vemos máis alá do noso propio embigo. A todas aquelas persoas que escribimos nos gusta ver as nosas obras nos andeis ou nos escaparates das librarías, que nos digan cousas bonitas sobre os nosos textos ou esgotar edicións (negalo sería absurdo). O malo é cando precisamos alimentar constantemente a nosa vaidade e perdemos perspectiva. Paréceme imprescindible ter os pés na terra. Somos unha pinga no medio do océano. O sistema literario a nivel mundial é un auténtico maremágnum.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Un libro de cociña xunto coa miña nai e a miña irmá. É algo que teño na cabeza desde hai tempo. Unha é experta en comida tradicional galega, ademais de posuír varias receitas da súa propia autoría, e a outra domina o mundo das sobremesas (cupcakes, tortas temáticas etc.). Algún día héillelo propoñer.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Creo que nos atopamos nun momento no que as editoriais galegas están facendo un esforzo tremendo para conseguir que non se derrube todo coma un castelo de naipes. Baixa o número de publicacións, desaparece o apoio institucional, adeus ás compras para bibliotecas, libros de texto... As editoriais tratan de sobrevivir como sexa, reinventándose a si mesmas.

Eu non deixo de escoitar que é moito máis difícil publicar agora que hai dez anos. Coma se o mecanismo do mercado literario nos estivese obrigando a purgarnos a nós mesmos. Isto obríganos a facer mellores obras, a esforzarnos o dobre. Talento para facelo haino dabondo.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Pois aproveitando que me brindas esta oportunidade, Armando, hai algo que quero expresar abertamente. De xeito constante sinto que, por ser muller, teño que facer o triplo de esforzo que un home para chegar ao mesmo lugar ca el ou para obter un recoñecemento similar. Non me gusta que a Real Academia Galega teña tan só 5 mulleres entre os seus membros, nin que a súa directiva estea constituída unicamente por homes. Creo que hai mulleres con méritos máis que suficientes para ser académicas. Emocionoume o recente nomeamento de Fina Casalderrey, pero non é, nin moitísimo menos, suficiente. O simple feito de celebrar que nomeen unha muller como académica dá a medida do punto no que nos atopamos. Considero que esta institución, e por extensión a sociedade en xeral, debería facer autocrítica e tomar conciencia de quen ten o xugo do patriarcado movéndose perigosamente entre os seus cimentos. Non queremos evolucionar? Ou é que non interesa? Paréceme vergoñento.

E, por último, para rematar en positivo, quero expresar que hai unha causa común que nos une a todas as persoas que apostamos pola lingua galega como vehículo de comunicación. E esa causa é das máis dignas que existen: a loita por aquilo que nos pertence. Como dixo Castelao, *se aínda somos galegos e galegas é por obra e graza do noso idioma*.

Grazas, Armando, por abrirme as portas da túa casa virtual.